

IV XORNADAS DE MEMORIA HISTÓRICA

As ideas furtadas

NA LOITA CONTRA A
IMPUNIDADE

11 e 12 de novembro de 2022

Pazo provincial da Deputación de Pontevedra

Avenida de Montero Ríos, s/n

Inscripcións en memoriahistorica@depo.gal

AS IDEAS FURTADAS. IV XORNADAS CONTRA A IMPUNIDADE

VENRES 11 E SÁBADO 12 DE NOVEMBRO

SALÓN DE PLENOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

As **xornadas contra a impunidade franquista** foron creadas no 2019 polo Departamento de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra co fin de establecer un espazo de debate sobre a memoria da represión franquista.

A primeira edición centrouse na impunidade dos crimes da ditadura e na adhesión de varias familias de Pontevedra á querela arxentina. Na segunda falamos da transición, na terceira da corrupción económica do franquismo e nesta cuarta queremos analizar as ideas furtadas polo franquismo.

Escollemos as ideas furtadas como tema porque entendemos que o mantemento durante catro décadas de ditadura dun pensamento único fixo que determinadas opcións políticas e ideolóxicas fosen “demonizadas” e chegasen aos nosos días deturpadas polo relato imposto. É dicir, as vítimas non só foron persoas, tamén se represaliaron determinadas ideas coma o anarquismo, a masonería, o republicanismo ou os nacionalismos diferentes do español. Na IV edición destas xornadas queremos enumeralas e debater ata que punto estas ideas foron afastadas da actual democracia, ou mal vistas nela. Coñecer se foi total a pluralidade política e contraponer as opcións arrebatadas ás impostas.

A primeira conferencia versará, precisamente, sobre a influencia que ten sobre a cidadanía o relato transmitido desde o poder e como ese relato se pode utilizar para impoñer un determinado discurso, sexa ou non real.



O relator de “**Las ideas robadas y el relato oficial**” será **Manu Levin**. Levin é filólogo e, após traballar como guionista no programa de TV *El Intermedio*, foi secretario de Discurso e Análise Política de Podemos e mais responsable dos discursos e das campañas electorais de Pablo Iglesias entre 2017 e 2021. Actualmente é analista do programa *La Base*, onde se encarga da sección “Titulares al banquillo”, na que se estuda desde un punto de vista crítico o discurso mediático. Nestas xornadas será presentado pola xornalista Alba Tomé, extraballadora de *Público* e que actualmente traballa no Parlamento estatal.

Tras a conferencia inaugural haberá unha mesa redonda moderada por Álex Espiño, xornalista de *Pontevedra Viva*, na que, baixo o título “**Foi plural a democracia?**”, tres persoas que viviron a transición explicarán a súa experiencia, se viron ou non cumpridas as súas expectativas co réxime do 78 e se cren que as súas ideas tiveron o debido amparo democrático ou, polo contrario, seguen demonizadas pola democracia. Tamén se cren que foi dabondo o esforzo que fixeron as administracións democráticas pola memoria das persoas asasinadas por defender esas mesmas ideas nas que militan.

Convidouse a participar nesta mesa ao socialista e masón José Vázquez Fouz; a Pilar Allegue, integrante na transición de opcións minoritarias dentro do espectro do nacionalismo de esquerdas, e ao anarquista Alberte de Esteban.

José Vázquez Fouz foi de número 2 nas listas coas que o PSOE se presentou ás primeiras eleccións xerais da democracia, en xuño de 1977, pero non resultou elixido. Converteuse en deputado nas seguintes e por tanto foi testemuña do golpe de Estado de Tejero en febreiro de 1981. Volveu repetir escano en 1982 e participou na comisión que elaborou o Estatuto de Galicia. En 1985 converteuse en parlamentario europeo, cargo que mantivo ata 1994. Ademais, é integrante dunha loxa masónica.



Pilar Allegue foi responsable da creación, en 1975, da AN-PG (Asamblea Nacional-Popular Galega) e máis tarde concelleira en Pontevedra, nun momento en que a presenza feminina era moi minoritaria. Mais, cando se viu obrigada pola maternidade a reducir a súa participación política, foi expulsada do BN-PG, malia que a súa implicación co nacionalismo de esquerdas fora total xa desde a súa etapa como estudante en Madrid. Ademais de pola súa militancia política, destacou, e segue destacando, polo seu compromiso feminista.



Alberte de Esteban, coñecido como Alberte o Roxo, iniciou desde ben novo o seu compromiso co anarquismo, o que non lle impediu militar na UPG en 1973. Integrante dun comando propagandístico vinculado á loita militar, en 1976 permaneceu preso durante un mes. Como Allegue, en 1978 foi expulsado do BN-PG e ao ano seguinte integrouse na Federación Anarcocomunista Galega. Interveu na organización do sindicato CNT en Compostela e en 1989 foi escollido secretario xeral. Foi compañeiro da tamén anarquista Rosa Bassave.

Tras un parón para un café, a xornada do venres pola tarde continuará coa conferencia “**Los servicios secretos al servicio del rey**”, a cargo do escritor **Fernando Rueda**, que falará sobre o papel que tiveron os servizos secretos na ocultación dos escándalos relacionados co rei emérito, tanto na ditadura coma na democracia. Doutor en Xornalismo pola Universidade Complutense, Rueda é considerado o maior especialista estatal en materia de espionaxe. Foi xornalista en diarios coma o *Ya*, *Época*, *Tiempo* e *Interviú* e colabora con emisoras coma Onda Cero ou Punto Radio e en programas de Cuatro. Entre os seus libros están *Al servicio de su Majestad*, *Espías*, *KA: licencia para matar*, *Por qué nos da miedo el CESID*, *Operaciones secretas* ou *Servicios de inteligencia: ¿fuera de la ley?* Será presentado pola xornalista de *Faro de Vigo* Ana López.

A xornada do venres rematará coa proxección do documental ***La cigüeña de Burgos*** e contará coa presenza da súa directora, **Joana Conill**. Filla de Jordi Conill, exvicepresidente da Deputación de Barcelona torturado e encarcerado en Burgos nos anos 60 pola súa loita contra a ditadura franquista, Joana Conill iniciou en 2014 un documental co que pretendeu darlle voz á súa historia familiar “e atopar camiños de reparación colectiva que acheguen novos escenarios sociais alén do conflito e do trauma”. Un traballo emotivo que rematou en 2020 e durante o cal completou os seus estudos de Historia da Arte, Dirección Cinematográfica, Narrativa e Novela cos de Psicoloxía Orientada ao Proceso, para poder axudarse a si mesma na procura e tamén para axudar a quen pasou unha situación similar á da súa familia.



XORNADA DO SÁBADO

A xornada do sábado iníciase pola mañá ás 10 h cunha mesa redonda moderada pola directora de *Nós Diario*, María Obelleiro, que co título “**A represión das identidades nacionais**” pretende debater sobre a situación dos nacionalismos distintos ao español na actual democracia. Segue afectando á visión que a cidadanía ten dos nacionalismos periféricos a persecución á que foron sometidos durante a ditadura? Falarán diso Aitor Esteban, voceiro do PNV no Parlamento estatal; Olalla Rodil, vicevoceira do BNG no Parlamento de Galicia, e Joan Tardà, exvoceiro de ERC no Parlamento estatal.




Aitor Esteban é voceiro do Grupo Vasco no Congreso desde o ano 2013.

Doutor en Dereito pola Universidade de Deusto, impartiu nesa mesma universidade as materias de Dereito Constitucional e Sistema Institucional de Euskadi. É tamén experto en cultura india americana e estudoso da lexislación indíxena. Entre as emendas presentadas polo seu partido para mellorar a Lei de memoria democrática destaca o acordo para facilitar o acceso aos arquivos con información sobre a guerra civil e a ditadura.

Vicevoceira do grupo parlamentar do BNG, do que forma parte desde hai dúas legislaturas, **Olalla Rodil** conseguiu converter en virais varias das súas intervencións na cámara galega, entre elas, “nacionalismo para *dummies*”, que tan ben reflicte o sentido desta mesa redonda. Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo no Campus de Pontevedra, o seu proxecto de fin de licenciatura versou sobre a publicidade institucional e a política lingüística en Galiza. Ademais ten un mestrado en Estudos Internacionais pola USC e está fundamentalmente comprometida co movemento feminista galego.



Joan Tardà foi o primeiro concelleiro que tivo ERC en Cornellà de Llobregat desde a Segunda República. Foi escollido en 1999 e repetiu cargo en 2003, aínda que renunciou en setembro de 2004 para poder dedicarse por completo ao seu escano no Parlamento estatal, onde fora escollido en marzo dese ano como parte das listas de ERC por Barcelona. Revalida nas eleccións de 2008 e 2011 e durante a súa etapa como voceiro de ERC-RI-CATS destaca pola súa defensa das vítimas da ditadura e a necesidade da memoria histórica, así como pola defensa do catalán, o euskera e o galego.



Rematada a mesa redonda chegará a quenda da conferencia “**O trauma franquista e a memoria da lingua**”, a cargo do profesor Carlos Callón. Teñen todas as linguas oficiais do Estado a mesma consideración por parte das autoridades ou segue o español véndose beneficiado polas políticas públicas, tal e como ocorría na ditadura? Segue influíndo na cidadanía a persecución sobre o resto de linguas e, neste caso, nomeadamente sobre o galego, que fixo o franquismo? A todas estas preguntas dará resposta un dos máximos expertos do país en materia de política lingüística. **Carlos Callón**, docente de profesión, foi presidente

da Mesa pola Normalización Lingüística e da Fundación Vía Galego, así como portavoz nacional da plataforma unitaria Queremos Galego. Seus son ensaios como *En castellano no hay problema* (2010), *Como defenderes os teus dereitos lingüísticos* (2011), *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* (2012) ou *O libro negro do galego* (2022). Será presentado pola xornalista Fátima Frieiro, redactora do *Diario de Arousa*.

NOTAS



A conferencia de clausura correrá a cargo da profesora **Ana-Sofía Ferreira**. Presentada pola xornalista Bibiana Villaverde, de *Radio Voz*, Ferreira fará unha comparativa sobre as políticas públicas de memoria postas en marcha en Portugal após a revolución dos cravos e o tratamento da memoria histórica no Estado español, na palestra titulada “**O combate pela memoria e a construção da democracia em Portugal e Espanha**”.

Ferreira doutorouse en Historia, na especialidade de Historia Contemporánea, na Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa. Investigadora do Instituto de Historia Contemporánea, especializouse no estudo da violencia política, do proceso revolucionario portugués, dos partidos políticos de esquerda radical e da oposición á ditadura de Salazar.

O programa desta IV edición das Xornadas contra a Impunidade complétase coa realización, na tarde do sábado, dunha ruta pola cidade de Pontevedra, con parada en varias localizacións relacionadas coa represión franquista. Correrá a cargo da compañía teatral **Os Quinquilláns** e contará coa actuación musical de **Lucía César Veloso** e **Manolo Dopico**.



